



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

ANUNCIO

APROBACIÓN DE LISTAXE DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO, MEDIANTE OPOSICIÓN, DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL, GRUPO A2 PARA SUBSTITUCIÓN (ARTIGO 10.1.B DO TREBEP) E CONVOCATORIA DE ASPIRANTES ADMITIDOS PARA REALIZACIÓN DE EXERCICIOS DA OPOSICIÓN.

DATA DE PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO: 15 DE OUTUBRO DE 2025.

EXPTE. TEDEC: 2025/E001/000002

De conformidade co disposto na Base 5ª da Convocatoria de selección para a creación dunha bolsa de emprego para a contratación na modalidade de substitución dun axente de emprego e desenvolvemento local, grupo A2, como persoal funcionario interino, faise público o Decreto da Alcaldía núm. 811/2025 de data 15 de outubro de 2025, mediante o cal se aproba a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, decreto que a continuación se transcribe:

“DECRETO DA ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DE LISTAXE DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO, MEDIANTE OPOSICIÓN, DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL, GRUPO A2 PARA SUBSTITUCIÓN (ARTIGO 10.1.B DO TREBEP) E CONVOCATORIA DE ASPIRANTES ADMITIDOS PARA REALIZACIÓN DE EXERCICIOS DA OPOSICIÓN.

EXPTE.: 2025/E001/0000002

Visto que mediante Decreto de Alcaldía núm. 132/2025 de data 18/02/2025 se aprobaron a bases que rexen a convocatoria de selección para a creación dunha bolsa de emprego para a contratación na modalidade de substitución dun axente de emprego e desenvolvemento local, grupo A2, como persoal funcionario interino.

Visto que tanto a convocatoria como as bases de selección foron obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia núm. 36 do 21/02/2025 e a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas.

Visto que en data 1 de setembro de 2025, mediante Decreto da alcaldía núm. 673/2025, foi aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos, que foi publicada no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Camariñas, concedendo aos interesados un prazo de 5 días hábiles, contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Camariñas, para subsanar os defectos que motivaran a súa exclusión ou a súa omisión das relacións de admitidos e excluídos.

Visto que finalizado o antedito prazo foron presentadas subsanacións ou alegacións de omisión á lista provisional, revisadas as mesmas e de conformidade co disposto na lexislación vixente e nas Bases 5ª e 7ª da convocatoria; tendo en conta as facultades atribuídas a esta Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a seguinte listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego para a contratación na



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

modalidade de substitución dun axente de emprego e desenvolvemento local, grupo A2, como persoal funcionario interino,

Admitidos definitivamente:

NÚM.	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA
1	TUDÓ SOUZA, LUCÍA	***1225**	SI
2	CAMPAÑA RODRÍGUEZ, TAMARA	***0153**	SI
3	CABALEIRO GARCÍA, ANA MARÍA	***7455**	NON
4	TEIJEIRO CAL, NOELIA	***4410**	SI
5	LISTA LUACES, M ^a ISABEL	***1627**	SI
6	ABELEDÓ ENRÍQUEZ, RAQUEL	***2661**	SI
7	GÓMEZ GONZÁLEZ, FRANCISCO JAVIER	***8633**	SI
8	CASTRO ROMERO, MARTA	***0468**	SI
9	BLANCO TERNANDE, BELÉN	***1145**	SI
10	PINAL SEOANE, SILVIA MARÍA	***5667**	SI
11	PÉREZ GARCÍA, ANA MARÍA	***2259**	SI
12	GARCÍA MALLO, IRENE	***4325**	SI
13	BAÑA MÉNDEZ, MARÍA ISABEL	***7575**	SI
14	SANTOS TORRADO, LIDIA	***8530**	SI

Excluídos definitivamente:

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñece aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca mediante a correspondente resolución. Se nun momento posterior se desprende que non se posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos.

Segundo.- Que o Tribunal se reúna para a súa constitución o día 30 de outubro de 2025, ás 10:30 horas, no salón de actos da “Casa da Pedra”.

Terceiro.- Convocar aos aspirantes admitidos/as para o próximo **día 30 de outubro de 2025, ás 11:00 horas, no salón de actos da “Casa da Pedra” (avda. da Coruña, núm. 5 - Camariñas),** para a realización das probas da oposición previstas na base 7^a da convocatoria:

- 1º exercicio: Proba de avaliación de coñecementos
- 2º exercicio: Coñecemento da lingua galega

Os aspirantes deberán acudir ás probas na hora e data do respectivo chamamento, sen posibilidade de aprazamento calquera que fose a causa que lles impedira acudir, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas que serán libremente apreciados polo tribunal.

Os aspirantes deben acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI, pasaporte ou carné de conducir.

Cuarto.- Facer público o presente decreto mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios do Concello da Sede Electrónica do Concello de Camariñas.

Quinto.- Dar traslado do presente decreto aos membros do Tribunal Cualificador.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial ante min, a secretaria, que asino aos únicos efectos de fe pública”.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Alcaldesa D^a Sandra Insua Rial.